

ANEXO: REDEIRAS NAS REDES

I.- Firma do Convenio de colaboración o 31 de xullo de 2.018.



II.- Presentación dos tutoriais o 25 de outubro de 2018 na sede de Abanca Obra Social.



Artes de Cerco/Mestra Redeira Mercedes Martelo



Artes Menores / Mestra Redeira Rosa Rodríguez



Artes de Arrastre/ Mestre Redeiro Isaac Fernández



Artes de Palangre /Mestra Redeira Angeles Mille



Presidenta da Federación Verónica Veres Tasende



AS REDEIRAS GALEGAS SÚBENSE AO TREN DAS TECNOLOXÍAS CO PROXECTO REDEIRAS NAS REDES

A iniciativa inclúe a presenza da Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao en Facebook, LinkedIn e Youtube

Redeiras nas redes é un proxecto financiado pola Consellería do Mar

Santiago, 25 de outubro de 2018.- A Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao vén de subirse ao tren das novas tecnoloxías e das redes sociais da man do proxecto Redeiras nas redes, financiado pola Consellería do Mar da Xunta de Galicia. Redeiras nas redes é unha iniciativa que inclúe a presenza da Federación de Redeiras nas redes sociais Facebook e LinkedIn, así como en Youtube a partir de catro vídeos titoriais que complementan a formación básica para seren redeiras. Precisamente, o Centro ABANCA Obra Social de Santiago de Compostela acolleu este xoves a presentación dos catro vídeos nun acto ao que asistiu a presidenta da Federación, Verónica Veres, e a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Susana Rodríguez.

Durante a súa intervención, a presidenta da Federación de Redeiras destacou que *“Redeiras nas Redes* naceu fundamentalmente de dúas necesidades; por un lado, da nosa insistencia en amosar o noso traballo, en que se nos coñeza e a sociedade saiba que somos unha parte esencial do sector pesqueiro, e por outro, da necesidade que detectamos entre a xente que quere formarse e aprender o noso oficio para traballar no futuro como redeira”

Verónica Veres subliñou ademais que con este proxecto avánzase na aposta da entidade polas novas tecnoloxías, despois de que case desde o seus comezos, contase cunha páxina web como unha fórmula “eficaz para comunicar”.

A presidenta da Federación O Peirao explicou que os catro vídeos presentados hoxe inauguran unha canle Youtube. Os titoriais conteñen as nocións básicas sobre o enmalle, a confección e reparación de aparellos de pesca das catro artes: arrastre, artes menores, cerco e palangre e complementan os cursos de formación que constan de 300 horas necesarios para que as alumnas e alumnos se poidan presentar aos exames de cualificación profesional e poder traballar profesionalmente como redeiras.

Profesionalización

Verónica Veres amosou tamén o seu desexo de que este proxecto permita avanzar na profesionalización da profesión de redeira. “Para nós o feito de que se nos recoñeza o noso traballo é un paso fundamental para acadar melloras laborais que redundarán na nosa calidade de vida e a das nosas familias. Defendemos o noso peso no sector e facémolo sabendo, como xa teño dito nalgunha ocasión, que sen o noso traballo os mariñeiros non saen a faenar e os armadores non poden ser empresarios”, salientou.

Finalmente, a presidenta do Peirao tivo palabras de agradecemento para as tres mestras redeiras e o mestre redeiro, Rosa Rodríguez, Ángeles Mille, Mercedes Martelo e Isaac Fernández por térense prestado a formar parte deste proxecto e tamén para a Consellería do Mar por financiar esta iniciativa.

Arrastre, Artes Menores, Cerco e Palangre son catro vídeos titoriais duns cinco minutos de duración gravados nos lugares onde traballan habitualmente as mestras redeiras e o mestre redeiro que participan neles que recollen os contidos esenciais e básicos de cada unha destas artes.

Un saúdo.

Federación Galega de Redeiras Artesás O Peirao

Tel: 691237370

Correo: info@redeirasdeg Galicia.org

www.redeirasdeg Galicia.org

Las rederas gallegas explican su trabajo en vídeos tutoriales en las redes sociales

[Europa Press](#) | Jueves, 25 de octubre de 2018, 14:06.

OS ENLACES DOS VIDEOS SON:

<https://www.youtube.com/watch?v=2qoD7nPqvTw>

https://www.youtube.com/watch?v=1zfR2j_EztY

https://www.youtube.com/watch?v=veu2L_nnNL0

<https://www.youtube.com/channel/UCzAdRFtKlWnrqi6r8gQXeCQ>

IV.- Divulgación entre as asociadas.

As asociacións integrantes da Federación remitiúselles invitación a presentación pública dos tutoriais, así como unha carta divulgativa sobre a acción desenvolta. Adxúntase, carta remitida e xustificantes de envío de mail.